

Xornada de convivencia. 18 de maio 2016



A convivencia forma parte da cotidianidade. Facer cidadáns responsables é unha labor da escola. Por esta razón acollemos con agrado ao alumnado de 5º e 6º de primaria do COLEXIO EDUARDO PONDAL de Cangas, e o seu profesorado, cos que compartimos unha xornada de creación artística e titirizadas.

A rede de Escolas Asociadas á UNESCO posibilita estes intercambios que potencian unha educación para a convivencia.

Nesta xornada compartida aprendemos a arte de facer títeres para contar historias. Un calcetín pode servir para... Creatividade, diversión, orixinalidade e diversidade.



A aprendizaxe entre iguais favorece a convivencia e o respecto.



Escoitamos historias divertidas e diferentes creadas polos nenos e nenas da escola EDUARDO PONDAL.

O alumnado invitado tivo a oportunidade de coñecer o noso patrimonio:



Visita aos Muíños da FREIXA e ao PARQUE DA MEMORIA.

E para rematar comemos xuntos e xuntas e compartimos risas, palabras e algo máis que perdurarán no tempo grazas ás novas tecnoloxías.



Momentos para
coñecernos un pouco
mellor.

Grazas Doris, Leal, Mari e Cachiso, mestres e mestras do COLEXIO EDUARDO PONDAL por compartir unha xornada escolar diferente.